

A INFORMACIÓN RESERVADA NO RÉXIME DISCIPLINARIO DOS FUNCIONARIOS

Pablo Valencia Vila.

Funcionario do Corpo Superior da Xunta de Galicia.

Subdirector xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A información reservada, como actuación previa á incoación dun expediente disciplinario, ten unha aplicabilidade práctica na xestión ordinaria dos recursos humanos dunha considerable importancia, xa que é un medio para evitar as incomodidades ao posible inculpado/a e o gasto en recursos á organización que supón a apertura dun procedemento disciplinario cando non hai base para este; ou ben porque fundamenta, de ser o caso, a propia decisión da incoación do dito procedemento; e mesmo porque, nesa xestión ordinaria do persoal da organización, a realización de informacións reservadas é un instrumento, polas razóns sinaladas, de uso habitual.

Malia isto, non é un asunto que sexa recollido en extensión e profundidade pola doutrina científica, tanto nos tratados xerais como nos específicos. Así, por exemplo, no excelente libro de Belén Marina Jalvo¹ apenas lle dedica unha frase (<<...acordar previamente a realización dunha información reservada, co obxecto de levar a cabo as investigacións necesarias para determinar se procede ou non a incoación>>). O tamén magnífico libro de Juan Manuel Traytter² reflicte ao respecto as seguintes consideracións: <<...unha información reservada cuxa finalidade non é outra que a de decidir o arquivo das actuacións ou a incoación do expediente disciplinario permitindo verificar ata que punto existe base racional para estimar que se cometeu unha infracción, co fin de evitar a existencia dun procedemento sancionador cos correspondentes efectos desagradables e gravosos para o presunto culpable. A esta información reservada, como non forma parte do expediente disciplinario, a xurisprudencia non lle outorga prazo interruptivo ningún, circunstancia que obriga a Administración a tramitala con celeridade, so pena de infrinxir os prazos de prescrición legalmente sinalados>>. Porén, algunhas manifestacións xurisprudenciais non coinciden totalmente co anterior.

Un posible motivo da escasa atención dos estudosos pode estar na concisa referencia a ela na propia normativa; así, no Regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia³ tan só aparece mencionada no número 1 do artigo 17: <<O órgano competente para incoar o procedemento disciplinario poderá acordar previamente a realización dalgunha información reservada>> (de xeito idéntico maniféstase o artigo 28 do Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios civís do Estado⁴). Figuras de natureza semellante, se non idénticas, reciben denominacións diferentes: o artigo 69.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, fala de *información previa* (no réxime da Lei de 1958 esta figura só estaba prevista para os procedementos sancionadores, e a Lei de 1992 estendeuna ao procedemento común); o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora⁵ fala de *actuacións previas*.

Neste artigo citaranse resolucíons procedentes non só da xurisdición contencioso-administrativa, senón tamén doutros ámbitos, entendendo que nelas podemos atopar pistas interesantes sobre diferentes aspectos da información reservada.

FINALIDADE:

Sobre a finalidade da información reservada existe unanimidade na xurisprudencia e na doutrina. Como xa vimos, Marina Jalvo fala de <<... *investigacións necesarias para determinar se procede ou non a incoación*>>, e Traytter <<...*que a súa finalidade non é outra que a de decidir o arquivo das actuacións ou a incoación do expediente disciplinario permitindo verificar ata que punto existe base racional para estimar que se cometeu unha infracción, co fin de evitar a existencia dun procedemento sancionador cos correspondentes efectos desagradables e gravosos para o presunto culpable*>>. O Tribunal Superior de Xustiza de Burgos, Castela e León, na súa Sentenza do 27 de febreiro de 1999 afirma que a información reservada <<...*permitirá ao órgano competente, antes de incoar o procedemento, verificar ata que punto existe base racional para estimar que se cometeu unha infracción, co fin de evitar a existencia dun procedemento sancionador cos correspondentes efectos -sempre desagradables para o presunto culpable, aínda que logo se demostre a súa falta de culpabilidade- cando "a limine" é manifesta a inexistencia de infracción, tendo en definitiva a finalidade de dar a coñecer as circunstancias do caso concreto, e a conveniencia de iniciar ou non un procedemento, polo que, concluída tal información previa, procederá ou ben o inicio do expediente sancionador ou, de ser o caso, o arquivo das actuacións*>>.

O suposto habitual en que pode proceder unha información reservada é ante unha denuncia, na cal normalmente aparecen unha relación de feitos desde o punto de vista do denunciante e dos seus propios intereses e aspiracións, sen que se acheguen elementos probatorios. Cando o impulso no ámbito disciplinario para doutro órgano administrativo debe ser a través dunha proposta razoada (artigo 16.1 Rrd), que polo feito de partir dun órgano administrativo, ao cal se lle presume obxectividade e actuación acorde co interese xeral, se lle atribúe unha maior *seriedade*, e adoita xuntar documentos que fundamenten a propia proposta e a ulterior, se é o caso, incoación do procedemento. Nestes casos xa non resultaría precisa a información reservada pois o que poderíamos conseguir con esta xa estaría incorporado á proposta razoada.

Recordemos, así mesmo, que o artigo 16.2 do Rrd obriga a dar coñecemento ao denunciante dos acordos adoptados en relación coa súa denuncia, de tal xeito que a decisión de arquivo desta, se vai precedida e apoiada nunha información reservada previa, sustentará e motivará esta decisión. O artigo 221.3 do Regulamento orgánico da policía gobernativa⁶ establece que a resolución pola que se acorde o arquivo das actuacións deberá expresar as causas que a motiven e dispoñer o pertinente en relación co denunciante, se o houber. O artigo 28.2 do Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios das administracións públicas de Navarra afirma, logo de prever na alínea primeira a posibilidade da información reservada, que a resolución pola que se acorde o arquivo de actuacións deberá ser motivada.

Ao fio disto, a propia xurisprudencia fala dunha certa perversión da institución se se utiliza para fins ou circunstancias distintas daquelas para que está prevista, o Tribunal Supremo (Sala do Militar), na súa Sentenza do 6 de novembro de 2000, manifesta que <<...*se se dispón dos datos suficientes para incoar o expediente, a información reservada non deberá ser practicada, por ser innecesaria e porque os dereitos fundamentais de defensa do art. 24.2 da CE exigen que non se atrase o outorgamento da condición de imputado ou expedientado, evitándose así o risco de utilizar o atraso para realizar interrogatorios nos cales o interrogado se atoparía en situación desvantaxosa*>>; e o mesmo órgano, desde a Sala do Contencioso-Administrativo, pronúnciase na Sentenza do 8 de

xullo de 1981 no seguinte sentido: <<...non é menos certo que nin está obrigado a iso, nin sequera debe instruíla cando, desde o principio, existan indicios racionais manifestos da comisión dunha infracción, pois en tal suposto a información reservada só constituiría unha dilación inútil>>.

A información reservada concluirá cunha declaración sobre a verosimilitude duns feitos e da súa responsabilidade, e, en supostos notorios sobre a posible atipicidade, ou prescrición das infraccións denunciadas. Nunca debe concluir cunha declaración de veracidade, que lle corresponderá ao órgano competente, e, de ser susceptibles de reproche disciplinario, logo do oportuno procedemento. O artigo 12.1 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1398/1993 dispón o seguinte: <<Con anterioridade á iniciación do procedemento, poderanse realizar actuacións previas co obxecto de determinar con carácter preliminar se concorren circunstancias que xustifiquen tal iniciación. En especial, estas actuacións orientaranse a determinar, coa maior precisión posible, os feitos susceptibles de motivar a incoación do procedemento, a identificación da persoa ou persoas que puidesen resultar responsables e as circunstancias relevantes que concorran nuns e outros>>.

NATUREZA E CARACTERÍSTICAS:

Non existe neste punto esa mesma unanimidade. En principio, dunha interpretación literal da norma, a palabra *información* parece facer referencia a unha actuación ou actuacións destinadas a obter un mellor coñecemento sobre o asunto de que se trate; e o adxectivo *reservada* iría relacionado non con *secretismo* senón coa súa unilateralidade, no sentido de que a súa realización e a súa realización concreta é decisión única da Administración sen a participación de terceiros (máis alá de seren requiridos para achegar datos ou o seu coñecemento dos feitos), pero tamén tería en conta que o resultado desa información vai unicamente dirixida á Administración na medida en que só produce efectos, inicialmente, no ámbito interno: conformar a vontade do órgano competente no sentido de decidir incoar un procedemento disciplinario ou archivar as actuacións.

Para unha mellor aproximación á natureza xurídica resulta útil peneirar as decisións dos tribunais na busca das características propias da información reservada. A Resolución do 1 de decembro de 1998 do Tribunal de Defensa da Competencia fala dun <<procedemento de apertura discrecional, sumario e non contradictorio>>; na Resolución do 11 de xuño de 1997, o mesmo tribunal configuráralo como un <<procedemento inquisitivo e non contradictorio, no cal o servizo obtén e valora unilateralmente información da denunciada (...) non constitúe unha alternativa simplificada ao procedemento sancionador>>.

Esa falta de contradición impídelle que poida supor, por si mesmo, unha mingua na esfera xurídica do funcionario. A sumariedade está recollida expresamente no artigo 221.1 do Regulamento orgánico da policía gubernativa. Sobre a unilateralidade xa nos manifestamos no primeiro parágrafo deste punto. Verbo da discrecionalidade, proxéctase non só na decisión de a realizar ou non, senón tamén sobre a forma concreta en que se realiza, perante o silencio ao respecto da normativa aplicable.

O Tribunal Supremo, na súa Sentenza do 22 de febreiro de 1985, sinala que <<o acordo de "información reservada" ten a súa manifestación como acto interno>>; na súa Sentenza do 27 de febreiro de 2001 fala dunha <<actuación administrativa preliminar e de carácter continxente (...)>>; esta sentenza remítese a outra do 24 de setembro de 1976, onde se afirma que <<non forman parte do expediente sancionador, non son propiamente procedemento administrativo, senón un antecedente que a lei faculta a Administración para levar a cabo e á vista do resultado acordar o procedente (...) actuación de réxime interior>>. Así e todo, o mesmo Tribunal Supremo, na súa Sentenza do 5 de maio de 1998, fala de que <<mesmo tendo unidade formal, constitúen no seu conxunto procede-

mento accesorio, de carácter preliminar ou preparatorio, respecto do procedemento disciplinario, xa que a súa finalidade é depurar de maneira previa, mediante as investigacións indispensables (...) de tal sorte que o acto que pon fin ás ditas dilixencias só ten carácter definitivo, facendo imposible a continuación do procedemento, cando se acorda o sobresemento, pero non cando se resolve iniciar o procedemento disciplinario>>; e a Sala do Militar deste órgano xurisdiccional, na súa Sentenza do 11 de maio de 2000, refírese á información reservada como <<un procedemento administrativo que non ten carácter sancionador>>. Por último, o Tribunal Superior de Xustiza de Balears, na súa Sentenza do 23 de febreiro de 1996, mantén que <<forma un todo co resto dos trámites>> remitíndose á Sentenza do 2 de xaneiro de 1980 do Tribunal Supremo.

A RELACIÓN DA INFORMACIÓN RESERVADA CO PROCEDIMENTO DISCIPLINARIO:

Desde un punto de vista práctico, a maior transcendencia da información reservada está en como esta interactúa co procedemento disciplinario "*stricto sensu*" ao que precede, no sentido de se unicamente produce efectos internos fundamentando a decisión do órgano competente de archivar ou incoar o procedemento, ou se, alén diso, pode incidir posteriormente en dous aspectos importantes: na prescrición e na proba.

Recordemos neste punto que, segundo Traytter, a información reservada *non forma parte do expediente disciplinario*. Malia isto, xa vimos que o Tribunal Superior de Xustiza de Balears, citando o Tribunal Supremo, afirmaba que a información reservada forma un todo co resto dos trámites do procedemento disciplinario. Resulta interesante neste punto o Regulamento de réxime disciplinario da función pública da Administración da Generalitat de Cataluña⁷, que no seu artigo 38 sinala ao respecto que, se procede, a información reservada poderá ser remitida ao instrutor cando sexa nomeado e, se o instrutor o cre conveniente, poderá formar parte do expediente disciplinario mediante provisión para o efecto; evidentemente esta recepción expresa da información reservada no expediente disciplinario resultaría fútil se os seus únicos efectos fosen fundamentar ou axudar a formar a vontade do órgano competente sobre a conveniencia e pertinencia de incoar ou de archivar.

A información reservada e a prescrición:

Ao respecto, Traytter é contundente: <<como non forma parte do expediente disciplinario, a xurisprudencia non lle outorga prazo interruptivo>>. O Tribunal Supremo, na xa citada Sentenza do 24 de setembro de 1974, afirma que <<tal actividade de réxime interno carece das mínimas exixencias predicables a un acto administrativo interruptivo>>; nun sentido semellante pronúnciase na Sentenza do 26 de maio de 1987.

No entanto, atopamos outro criterio do mesmo órgano xurisdiccional na súa sentenza (á cal se remite o Tribunal Superior de Xustiza de Balears na súa Sentenza do 23 de febreiro de 1996) do 2 de xaneiro de 1980: <<(...) tal información forma un todo co resto dos trámites que a ela seguen, sen solución de continuidade, servindo o conxunto para demostrar a existencia dunha vontade -neste caso da Administración-, resultante decidida a impedir que a infracción prescriba, polo transcorrer do tempo; vontade que aquí hai que retrotraer ao momento inicial das que se poden cualificar de "dilixencias previas" do expediente tan repetido>>; ou na Sentenza do 26 de xuño de 1998, do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco, que expón: <<Descartado que se produce a prescrición...desde o momento que, realizados os feitos sancionadores (...) as primeiras actuacións da Administración con coñecemento do interesado [dato que debemos subliñar] se producen en (...), e desde esa data succédense diferentes trámites ata a resolución sancionadora, sen que se produza

interrupción na tramitación que xere paralización do procedemento por máis de seis meses (...)>>. Resulta significativo o artigo 347.2º do Regulamento notarial do 2 de xuño de 1944 (modificado polo artigo 8 do Real decreto 1209/1984), pois establece explicitamente que se interromperá a prescrición cando se lle notifique ao interesado a actuación e o seu instrutor.

A información reservada como proba no procedemento:

Trátase agora de precisar se os diferentes elementos que se poden recoller nunha información reservada se poden empregar, ou non, como material probatorio no procedemento disciplinario. Como xa dixemos, a posible chamada do instrutor, que prevé o Regulamento catalán, da información reservada ao procedemento non tería sentido se non producise ningún efecto neste, alén de fundamentar a súa apertura. O Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, Málaga, na súa Sentenza do 31 de xullo de 2000, conclúe que se produce indefensión por basearse a sanción na proba da información reservada, matizando (punto este que debe ser subliñado) que para iso debeu traerse esa proba ao expediente e facela pública.

Sobre declaracións de terceiras persoas recollidas na fase de información previa, o Tribunal Constitucional manifestou no seu Auto do 28 de xuño de 2003 que *<<non carecen de todo valor probatorio, no ámbito propio da responsabilidade disciplinaria do persoal da Administración, xa que foron declaracións efectuadas por persoas identificadas, ante un funcionario público competente, e quedaron debidamente documentadas no cartafol oficial>>*. A Sentenza do 16 de marzo de 1998 deste órgano xurisdiccional ten presente para analizar este aspecto *o principio de libre valoración da proba*, e refírese a *<<informe encargado conforme a dereito...a un funcionario concreto no exercicio regular da súa función e no cal o dito funcionario describiu pormenorizadamente a súa actividade para realizalo e os fundamentos fácticos das súas conclusións (...) obsérvase tamén que o seu escrito se incorporou ao expediente (...) o que lle deu a oportunidade de rebater o seu contido...e de solicitar un novo testemuño do seu autor ou, en xeral, as dilixencias que estimase convenientes para sustentar a contradición>>*.

A participación do denunciado ou posible imputado na información reservada

Un aspecto específico respecto ao anterior son as declaracións do denunciado na información reservada. A Resolución do 28 de xaneiro de 1999, do Tribunal da Defensa da Competencia, manifesta que se *<<excedéndose e desnaturalizando o procedemento [durante unha información reservada], diríxese tamén ao denunciado, en concepto de tal, porque contra el se presenta unha denuncia, interrogándoo e pedíndolle información, debe notificarlle, estea aberto ou non o procedemento sancionador, o contido da denuncia para que, á súa vista, o denunciado poida valorar a transcendencia da información reservada que se lle require e, con iso, facer uso do seu dereito a non autoinculparse>>*. A Sentenza do 24 de outubro de 1995, da Audiencia Nacional, non aprecia *a priori* ningunha infracción ou indefensión no feito de que o posteriormente imputado no procedemento compareza previamente na información reservada, comparecencia que queda documentada, e do que consta que tiña coñecemento do obxecto dela. O fundamento xurídico sétimo da Sentenza do 6 de novembro de 2000, do Tribunal Supremo (Sala do Militar), establece que *<<(...) tiña dereito a non declarar contra si mesmo e a non confesarse culpable cando foi interrogado polo instrutor da información reservada. En consecuencia (admitindo que esa información reservada fose necesaria por seren os datos de que xa se dispoñía insuficientes para incoar expediente sancionador) só podía ser interrogado logo de información sobre os seus dereitos, pois a Administración sancionadora debe evitar que, quen razoabelmente poida terminar sancionado ou sometido a expediente sancionador, faga contribucións de contido incriminatorio directo que non tería feito –é a suposición máis razoable– de estar advertido (...) a vulneración do dereito fundamental proxéctase sobre a súa declaración anulándoa>>*.

ADOPCIÓN DE MEDIDAS PROVISIONAIS DURANTE A REALIZACIÓN DA INFORMACIÓN RESERVADA

O artigo 20 do Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Comunidade Autónoma de Galicia regula a posibilidade de adoptar medidas provisionais *iniciado o procedemento*. A literalidade lévanos a pensar que se "*stricto sensu*" a realización da información reservada ten un carácter preliminar ao procedemento, durante ela, mentres que o dito procedemento non está formalmente iniciado, non se poderían adoptar medidas provisionais que supuxesen unha mingua na esfera xurídica dalgún. Esta interpretación literal sería coherente cunha interpretación sistemática e teleolóxica. En efecto, se ao abeiro do principio de presunción de inocencia a xurisprudencia exige unha base indiciaria que habilite as medidas provisionais, e a finalidade da información reservada é acadar unha declaración de verosimilitude sobre os feitos, cando se acorda realizar unha información reservada tal base non existe, pois de existir non procedería esta, e si incoar directamente o procedemento disciplinario propiamente dito, onde xa se poderían adoptar esas medidas provisionais.

IMPUGNABILIDADE DA INFORMACIÓN RESERVADA

A Sentenza do 5 de maio de 1998, do Tribunal Supremo fala de que <<o acto que pon fin ás ditas dilixencias só ten carácter definitivo, facendo imposible a continuación do procedemento, cando acorda o sobresemento, pero non cando resolve iniciar o procedemento disciplinario>>. No seu auto do 28 de setembro de 1998 o mesmo órgano xurisdiccional fala de que <<non se pode admitir que a incoación de tal actividade informativa previa poida quebrantar o dito dereito fundamental [á presunción de inocencia] pois non concorren os dous elementos: sanción e falta de actividade probatoria suficiente (...) a incoación dunha información previa, por si mesma, non comporta imposición de sanción nin limitación ningunha dos dereitos do afectado (...) o acto obxecto de recurso constitúe ademais un acto de trámite (...) sen prexuízo dos motivos de oposición fronte a estes que poidan facerse valer ao impugnar o acto definitivo (...) en aplicación destes principios [os que constan no artigo 107.1 da Lei 30/1992] a xurisprudencia reiterada desta sala considera como actos de trámite non susceptibles de ser impugnados (...) aqueles mediante os que se acorda a apertura dunha información previa>>.

ACCESIBILIDADE DO DENUNCIADO E DO DENUNCIANTE:

Neste punto debemos ter presente a adxectivación que a actuación que nos ocupa recibe pola normativa cal é o seu carácter *reservado*, o que nos leva a pensar a que nun primeiro momento a súa incidencia é simplemente interna: axudar a formar a vontade do órgano competente sobre a pertinencia, ou non, de incoar o procedemento disciplinario. Xunto con isto debemos subliñar algúns caracteres como a falta de contradición e a súa unilateralidade; neste momento non existe imputado oficial, polo que por si mesma non pode producir ningunha afectación (sanción) na esfera xurídica de ninguén. O Tribunal Constitucional, na súa Sentenza do 22 de febreiro de 1999 expón que a información reservada <<é un procedemento administrativo que non ten carácter sancionador e que, en ningún caso, se dirixe contra ninguén, nin nela se pode considerar inculpado ou responsable ningunha persoa>>. En definitiva, atopámonos cunha ausencia inicial de interesado, o único interesado é a organización, que pretende depurar ou clarificar as acusacións das cales ten noticia e formar a súa vontade ao respecto, o que en principio nos pode levar a negarlle a accesibilidade ao actuado ao denunciado ou a outros no momento da súa tramitación. Todo isto sen prexuízo, resulta evidente, de que perde ese carácter *reservado* no momento en que se incorpora ao procedemento disciplinario, unha vez que este é efectivamente incoado, e que a información reservada pode producir, consonte o visto, efectos nel.

A Sentenza do Tribunal Supremo, do 5 de outubro de 1992, acepta os fundamentos de dereito da sentenza apelada, onde se recolle que *<<en canto á información reservada non é posible pretender que se escoitase o señor C. N., pois supón unha actividade depuradora ou de cribaxe nos órganos colexiados para evitar a decisión de abrir ou non un expediente, pero non se pode equiparar esta actividade á puramente disciplinaria cun expediente>>*. A resolución do Tribunal de Defensa da Competencia, do 1 de decembro de 1998, sinala que *<<non está prevista a posta de manifesto das actuacións antes de ditar resolución porque esta consiste nun xuízo de verosimilitude que realiza o servizo tomando como base o material que debeu achegar ao expediente o denunciante en apoio da súa denuncia>>*.

Especificamente, respecto á posición do denunciante durante a información reservada, a Sentenza do 17 de xaneiro de 1997, do Tribunal Supremo, afirma que a esa posición *<<era extensible por analogía a limitación que nesa regulación [Regulamento aprobado polo Real decreto 33/1986] se establece sobre a participación do denunciante, a quen non se lle recoñece outro dereito -arts. 27.2 e 48.3- que o de que se lle comunique o acordo de incoación do expediente e a resolución final, pero non o de constitución en parte (...)>>*.

SOBRE A REALIZACIÓN DUNHA INFORMACIÓN RESERVADA:

Na normativa aplicable non se atopan demasiadas referencias a quen ou como se realizará a información reservada. Nalgúns casos isto súplese mediante circulares ou instrucións internas que desenvolven polo miúdo o especificado nos regulamentos. No artigo 19 do Regulamento de réxime disciplinario da función pública da Comunidade Autónoma das Illes Balears⁸ establece *<<que deberá practicarse polo funcionario ou órgano que se designe>>*. O artigo 12 do Regulamento aprobado polo Real decreto 1398/1993 dispón o seguinte: *<<As actuacións previas serán realizadas polos órganos que teñan atribuídas funcións de investigación, indagación e inspección na materia e, no defecto destes, pola persoa ou órgano administrativo que determine o órgano competente para a iniciación ou resolución do procedemento. Con carácter xeral semella conveniente que sexa realizada por quen teña a condición de funcionario, pola presunción e deber de obxectividade e imparcialidade de que está revestida esta figura.*

Verbo da forma concreta de como se debe practicar, atendendo ás resolucións citadas ata o de agora, obsérvase un amplo abano de posibilidades: desde limitarse a pedirle ao denunciante que achegue todos os elementos de que dispoña e que o levaron a formular a denuncia, pasando por unha simple comprobación documental, ata a toma de declaracións formalizadas por escrito.

APUNTAMENTOS FINAIS

Do dito ata o de agora, e tendo presente a escasa regulación da materia, atopámonos ante unha serie de posibilidades de alto contido discrecional, o que significa que a flexibilidade de que dispón a Administración para, ante cada caso ou grupo homoxéneo de asuntos, sen predeterminación normativa, optar por unha concreción diferente da súa realización efectiva: desde unha simple recollida de datos ao denunciante, ata un labor investigador máis fondo, con notificacións e formalización das actuacións. A opción que se escolha, e a súa concreción específica, permitirá, consonte o visto, que o actuado como información reservada produza uns efectos unicamente no ámbito interno, como soporte para a conformación da vontade do órgano competente, ou que aqueles se projecten no procedemento disciplinario no ámbito da proba e mesmo da prescrición.

Como é ben sabido, un dos límites da potestade disciplinaria é o respecto aos principios xerais do dereito, que neste materia se concretarían, especialmente, nos principios que rexen o exercicio do "ius puniendi", de tal xeito que se as actuacións de esa información reservada van superar os efectos simplemente internos, deberán ser tidos moi en conta. Neste sentido, se se lle toma declaración

ao denunciado sen que este saiba que o é e sen informalo dos seus dereitos, esta declaración non se poderá empregar en contra súa no procedemento disciplinario, así como tampouco se poderán empregar outros elementos incorporados á información reservada se non foron recollidos coas mínimas garantías, e, sobre todo, se logo no procedemento disciplinario non se lle dan ao xa inculcado as pertinentes oportunidades de contradición e coñecemento daqueles; e tampouco poden interromper a prescrición actuacións descoñecidas polo inculcado.

Abreviaturas: R: Regulamento de réxime disciplinario dos funcionarios da Comunidade Autónoma galega.

NOTAS

- 1 "El régimen disciplinario de los funcionarios públicos" de Belén Marina Jalvo; editorial Lex Nova (xullo-2001).
- 2 "Manual de derecho disciplinario de los funcionarios públicos" de Juan Manuel Traytter; editorial Marcial Pons (1992).
- 3 Aprobado polo Decreto 94/1991, do 20 de marzo; publicado no DOG do 25 de marzo de 1991.
- 4 Aprobado polo Real decreto 33/1986, do 10 de xaneiro; publicado no BOE do 17 de xaneiro de 1986.
- 5 Aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto; publicado no BOE do 9 de agosto de 1993.
- 6 Na redacción dada polo Real decreto 1346/1984, do 11 de xullo; publicado no BOE do 17 de xullo de 1994.
- 7 Aprobado polo Decreto 243/1995, do 27 de xuño; publicado no DOGC do 13 de setembro de 1995.
- 8 Aprobado polo Decreto 45/1995, do 4 de maio; publicado no BOIB do 13 de maio de 1995.